

# I MOSTRA DE ARTE ERÓTICO

O punto de información e asesoramento afectivo-sexual, da Concellería de Igualdade, Servicios Sociais e Sanidade, no marco das actuacións previstas segundo o II PIOM 2008-2011, na área de fomento da saúde, deporte e benestar, organiza a **I MOSTRA DE ARTE ERÓTICO**, cós obxectivo de promover a educación e a saúde afectivo-sexual, e favorecer a eliminación de tabúes e estereotipos sexistas.

A mostra está prevista para as primeiras semanas do mes de decembro de 2011, coincidindo coa entrega do premio do **III Concurso de relatos eróticos “Punto e seguido”**.

Consistirá nunha exposición directa nas instalacións do Concello de Soutomaior e nunha exposición virtual na web do CIM de todas as obras seleccionadas.

Se estás interesada/o en participar na mesma, debes seguir os seguintes pasos:

- 1.- Poderán concorrer artistas nacionais ou estranxeiros.
- 2.- Cada artista poderá presentar un máximo de dúas obras nas modalidades de pintura, escultura ou fotografía.
- 3.- A temática será fomentar unha erótica libre de estereotipos sexistas, onde se reflecta a perspectiva de xénero xunto con actitudes e valores igualitarios.
- 4.- Para participar enviarase unha foto por correo electrónico ([cim@soutomaior.es](mailto:cim@soutomaior.es)) acompañada da ficha técnica da obra (técnica, dimensións, etc.) e un breve currículo do artista.
- 5.- Datas de envío: do 1 de Agosto ata o 4 de Novembro.  
Datas de entrega e recollida das obras: Novembro - Decembro 2011. Datas por especificar.
- 6.- A entrega e recollida das obras seleccionadas correrá a cargo do artista.
- 7.- Editarase un catálogo virtual.
- 8.- Os participantes aceptarán integramente as bases.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR  
Concellería de Igualdade,  
Servicios Sociais e Sanidade



Centro Multiusos  
R/Peirao, Nº 8. Arcade - Soutomaior  
C.P 36690 (Pontevedra)

Teléfono 986 701 227  
[www.ex-presion.com](http://www.ex-presion.com)  
Mails: [cim@soutomaior.es](mailto:cim@soutomaior.es) / [info@ex-presion.com](mailto:info@ex-presion.com)